



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE
RIOTORTO PARA A INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA
DA SÚA AXENCIA DE LECTURA MUNICIPAL.

Santiago de Compostela,

19 XAN. 2018

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991.

Doutra, D. Clemente Iglesias González que actúa en representación do Concello de Riotorto, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

As partes, en nome das administracións públicas que representan e coa capacidade legal para este acto,

EXPÓNEN:

PRIMEIRO.-

Que ámbalas dúas administracións, asumindo as responsabilidades que legalmente lles corresponden na creación de recursos de lectura pública, consideran oportuno xuntar esforzos e cooperar na mellora do acceso ao libro e á lectura, facilitándolles aos cidadáns unha lectura gratuíta e un lecer creativo e enriquecedor.

SEGUNDO.-

Que na Lei 5/2012, de 15 de xuño, de Bibliotecas, establécense as liñas xerais do sistema galego de bibliotecas, desenvolvidas no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas que, no capítulo V, regula a integración das bibliotecas municipais na Rede de Bibliotecas de Galicia.

TERCEIRO.-

Que o Concello de Riotorto solicitou a integración do servizo bibliotecario na "Rede de Bibliotecas de Galicia" mediante instancia dirixida ó conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



CUARTO.-

Que o Concello de Riotorto ven prestando o servizo de biblioteca pública e comprométese a afrontar os gastos de persoal e mantemento, incluíndoos nos orzamentos do Concello.

QUINTO.-

Que o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por Orde do 22 de novembro de 2017 acorda a inclusión do dito centro na Rede de Bibliotecas de Galicia, mais condicionada á sinatura dun convenio co Concello de Riotorto no prazo de tres meses.

SEXTO.-

Que o Concello de Riotorto solicitou a inscrición da axencia de lectura municipal no Rexistro de Bibliotecas de Galicia.

SÉTIMO.-

Que, en virtude do exposto anteriormente e de acordo co disposto no artigo 33 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Riotorto acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS


PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio a integración da axencia de lectura municipal, titularidade do Concello de Riotorto, na Rede de Bibliotecas de Galicia, así como o establecemento das obrigas que, derivadas da dita integración, lles corresponden a cada unha das partes asinantes.

SEGUNDA.- Obrigas das partes

1.- O Concello de Riotorto comprométese a:

- a) Dotar á axencia de lectura do orzamento suficiente para o seu funcionamento, entendendo como tal non só os gastos que poida orixinar o mantemento das instalacións, mobiliario e equipamento, senón tamén os que permitan a adquisición e reposición periódica dos materiais necesarios para os procesos técnicos e administrativos, a adquisición e reposición de fondos bibliográficos e o pagamento das subscricións a boletíns e outras publicacións periódicas, incluíndo en todo caso os emolumentos do persoal.
- b) Remitir anualmente ó Servizo do Sistema de Bibliotecas da Secretaría Xeral de Cultura a información que se solicite nas estatísticas anuais así como calquera outra que se poida solicitar.





- c) Dotar á axencia de lectura do persoal adecuado e asumir en exclusiva tódalas obrigas derivadas da súa condición de empregador. A contratación do persoal, que terá en conta o estipulado no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, deberá facerse segundo a convocatoria e o temario aprobado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que enviará un representante con coñecementos técnicos de biblioteconomía para formar parte do tribunal de oposicións.
- d) Colaborar coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na formación e perfeccionamento dos encargados dos servizos bibliotecarios municipais, outorgándolles un permiso mínimo 10 días ao ano para asistir aos cursos que organice a dita consellería.

2.- Pola súa banda, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:


- a) Prestará o apoio técnico necesario para a contratación do persoal bibliotecario. Neste senso, deberá por a disposición do Concello os modelos de convocatoria e os temarios axustados ás diferentes categorías profesionais esixidas, e enviará un representante con coñecementos técnicos en biblioteconomía para formar parte do tribunal de oposicións, naqueles casos no que o preceptivo informe sobre a convocatoria e temario para cubrir a praza fose favorable.
- b) Promoverá a realización de cursos, seminarios ou calquera tipo de actividades formativas co fin de colaborar na formación dos profesionais das bibliotecas.
- c) Integrará a axencia de lectura municipal de Riotorto na “Rede de Bibliotecas de Galicia”.

TERCEIRA.- Integración na Rede de Bibliotecas de Galicia

1.- O centro bibliotecario participará na “Rede de Bibliotecas de Galicia” e nos programas que nesta se establezan. Isto supón:

- a) A interconectividade técnica e semántica, o que supón o uso de software e estándares necesarios para o intercambio e acceso a información e a adopción das normas e manuais de procedemento que se establezan para as bibliotecas da Rede. A participación nos programas de préstamo interbibliotecario, facilitando orixinais ou copias dos documentos solicitados, correndo por conta do centro demandante o gasto que daquel puidera derivar, de acordo cos custos que para o programa se estipulen.
- b) Colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na recuperación, conservación e dispoñibilidade pública do tesouro bibliográfico galego e da documentación de interese para Galicia, debendo facilitar a realización dos programas de conservación, microfilmación, dixitalización ou rexistro e gravación noutros soportes dos materiais de interese para Galicia, promovidos polo dito órgano, facilitando a súa copia e colaborando na súa recollida e conservación.

2.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dará acceso a tódalas vantaxes derivadas da pertenza á Rede de Bibliotecas de Galicia:





- a) Dotación de software de xestión, asesoría técnica e formación para a informatización, facilitando ademais, unha vez establecido o sistema de intercambio, o acceso a tódalas bases de datos que a Secretaría Xeral de Cultura elabore para a súa utilización por parte das bibliotecas.
- b) Participación nos servizos de catalogación compartida ou centralizada.
- c) Organización do sistema de préstamo interbibliotecario e acceso do centro bibliotecario aos fondos de calquera outro centro da Rede, en orixinal ou copia. Tamén se dará acceso, a través dos servizos que se designen para tal fin no sistema bibliotecario galego, ao préstamo nacional ou internacional.
- d) Integración da axencia de lectura en programas de recuperación, conservación, microfilmación, dixitalización ou rexistro en calquera outro sistema de memoria, de materiais de interese local ou galego, ademais de facilitar o acceso aos produtos deste programa. O centro bibliotecario tamén poderá beneficiarse dos programas de informatización de bibliotecas municipais que poida levar a cabo a Secretaría Xeral de Cultura.

CUARTA.- Financiamento

A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das previsións orzamentarias actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación establecidos anualmente nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente vía a contratación administrativa que corresponda segundo a lexislación aplicable.

QUINTA.- Vixencia

Este convenio terá unha vixencia de catro anos a partir do día seguinte ao da súa sinatura. Transcorrido o período inicial de vixencia o convenio entenderase prorrogado automaticamente por prazos anuais ata o límite máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa de calquera das partes, realizada cunha antelación mínima de tres meses ao vencemento de cada un dos períodos de vixencia.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente Convenio crearase unha Comisión Mixta de Seguimento, presidida por un dos representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

SÉTIMA.- Xurisdición competente

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, e non solucionados na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- Resolución





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

galicia

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, sendo motivo de exclusión temporal ou definitiva do centro bibliotecario da “Rede de Bibliotecas de Galicia”.

NOVENA.- Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado no lugar e data expresados.

O CONSELLEIRO DE CULTURA
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA



O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE RIOTORTO

